| Materia | PLÁSTICA | Páx. | |
|---|---|---|---|
| Curso | 6º CURSO | | |
| | | | |

## CONTIDOS

-0s elementos do contorno: obxectos, animais, plantas e a figura humana.
-As calidades sensoriais dos obxectos: a cor, a forma, o tamaño, a proporción, a textura, o volume, etc.
-O retrato e o autoretrato.
-As imaxes: o seu proceso de elaboración e os materiais que se empregan.
-Os obxectos e a súa representación( de cara, dende arriba…)
-Debuxos sobre cuadrícula. Trazados xeométricos.
-Instrumentos, técnicas e materiais plásticos.
-As posicións dos elementos dunha composición(esquemas compositivos)
-A proporción. O movemento
- A perspectiva, o sombreado e a relación entre a figura e o fondo dunha composición.
-A expresividade da cor, fondos de cor, paisaxes.
-Roupas diferentes. Personaxes de cómic .
-O efecto da luz. Luces e sombras.
-Corpos xeométricos. Construción e modelado de figuras xeométricas.

## OBXECTIVOS

- Analizar os elementos da linguaxe plástica e visual: traballos expresivos con liñas ,distinción de diferentes tipos de texturas, manipulación de formas, realización de mesturas e combinación de cores.
- Analizar os elementos que forman parte do concepto de organización da composición plástica( orde, medida, agrupamento)
- Comprender mensaxes visuais emitidas a través de carteis, sinais de tráfico, televisión…
- Explorar novas posibilidades de creación tras coñecer diversas técnicas e materiais.
- Coñecer técnicas plásticas cada vez máis complexas e os materiais e procesos que interveñen en cada una delas.
- Coñecer o propio corpo e o dos demais como medio válido de exploración e percepción.
- Utilizar as diferentes formas de expresión de maneira cada vez máis autónoma e creativa.
- Analizar as manifestacións artísticas e os seus elementos máis significativos no entorno para conseguir progresivamente una percepción sensible da realidade.
- Adquirir confianza nas elaboracións artísticas propias, gozar coas manifestacións culturais do contorno e apreciar a súa contribución ao gozo e ao benestar persoal.
- Planificar, realizar e valorar as actividades propias e colectivas.
- Aceptar e respectar os diferentes puntos de vista dos integrantes do grupo e desenvolver actitudes de non discriminación cara aos demais.

- Analizar as diferentes formas en que operan os medios de comunicación e incorporar estas aprendizaxes nas propias producións.
- Desenvolver a capacidade para percibir e analizar os elementos naturais e as manifestacións artísticas de Galicia

## METODOLOXÍA

A metodoloxía favorecerá a maior participación posible dos alumnos na calidade da aprendizaxe, mediante a utilización de imaxes cada vez máis complexas, mediante a presentación de innumerables vehículos de expresión a partir dos que xa dominan e mediante o énfasis nos procesos que inclúen una reflexión inicial sobre dos materiais que necesitan e os pasos a seguir para levar a cabo as actividades.

## CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación concíbese de forma que analiza todo-los aspectos do proceso educativo e permite a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

**Os instrumentos a utilizar**

-Organización correcta do traballo e dos materiais. Precisión.
-Participación activa nos traballos de equipo.
-Utilización de cores como medio de expresión artística.
-Realización persoal e creativa de producións.
-Exactitude no trazado e no coreado.
-Observación do contorno para obter puntos de referencia e debuxar de forma máis completa